

OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA

IES GONZALO TORRENTE BALLESTER (PONTEVEDRA)

5 a 16 de marzo de 2007

m e m o r i a d a a c t i v i d a d e

ELVIRA RIVEIRO TOBÍO

LUGAR DE REALIZACIÓN

IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra. Trátase dun colexio situado no núcleo urbano do concello de Pontevedra, onde a práctica totalidade do alumnado é castelanfalante.

DURACIÓN E HORARIO

O obradoiro desenvolveuse en 5 sesións de 1 hora e 40 minutos cada unha, aproximadamente, completando un total de 8 horas e 20 minutos. As sesións tiveron lugar os días:

LUNS 5 DE MARZO, de 10.25-12.05

XOVES 8 DE MARZO, de 10.25-12.05

VENRES 9 DE MARZO, de 12.30-14.10

MÉRCORES 14 DE MARZO, de 8.30-10.10

VENRES 16 DE MARZO, de 12.30-14.10

DESTINATARIOS/AS

Os/as destinatarios/as do obradoiro foron un grupo de dezaioito alumnos/as de 3º de E.S.O. do IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra, cunhas idades arredor dos 14 anos. A actitude cara ao material e propostas presentadas e a participación nas diferentes actividades creativas foron en xeral positivas por parte do grupo, que maiormente descoñecía a linguaxe poética máis actual e menos dominada polos tópicos que se adoitan asociar á lírica.

OBXECTIVOS

Consideramos obxectivos principais destas sesións:

1. Estimular a sensibilidade poética e fomentar a creatividade literaria, de forma especial no ámbito da poesía e da narrativa.
2. Explorar certos aspectos da linguaxe poética e das súas posibilidades expresivas.
3. Relacionarse coa linguaxe dun xeito libre e enriquecedor.
4. Fomentar o gusto pola literatura galega contemporánea.
5. Difundir a idea de que a escribir só se aprende lendo, escribindo, experimentando coa linguaxe.

METODOLOXÍA

1. Lúdico-descriptiva.: explicación, exemplificación, actividades e xogos.
2. Traballo individual e en grupo. Proposta de lecturas e exercicios de escritura en cada sesión.
2. Participación activa dos compoñentes do grupo sobre as propostas dadas no obradoiro.

PROGRAMACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO OBRADOIRO

Partimos, en principio, de que escribir de xeito creativo pode ser un oficio, unha afección, unha forma de evasión, pero sempre debe ser un pracer. O poema, o conto ou a novela é a nave na que viaxa o sentimento, a imaxinación, outros mundos... Para rachar tópicos, e intentando introducir o grupo na poesía máis actual, distribuímos a introdución ao libro *Poetízate*, antoloxía preparada por Fran Alonso. E, así, comezamos:

1. As palabras: materia prima. Xogamos coas palabras (acrósticos, *jitanjáforas*, palíndromos, lipogramas...)

Todo oficio necesita as súas ferramentas. A principal ferramenta para facer literatura é a palabra. Xogar de diferentes xeitos coas palabras vai ser un dos exercicios máis produtivos á hora de escribir creativamente. Comezamos por un xogo de escrita espontánea ou automática que denominamos “a caixiña das palabras” e que leva os/as alumnos/as a inventar pequenas historias de xeito moi rápido, case sen pensar.

Continuamos indagando no concepto de xogo e deseguido aparecen os xogos de palabras, material recorrente para innúmeros/as autores/as. Van desfilando pola clase exemplos de acrósticos, *jitanjáforas*, lipogramas e palíndromos. Desfilan Gonzalo Navaza, María Xosé Queizán, Vicente Huidobro e outros. Aproveitando as palabras descubertas na caixiña das palabras, os/as alumnos/as elaboran cadanseu acróstico.

2. O rendemento poético das reiteracións. Repetimos! (aliteracións, anáforas, textos monovocálicos, tautogramas, enumeracións...)

Non deixamos de xogar nin deixamos a poesía. Desta vez os xogos poéticos teñen que ver coa repetición de letras, de palabras ou de esquemas sintácticos. O mostrario contén agora aliteracións, anáforas, textos monovocálicos, tautogramas e enumeracións. Textos que van desde a literatura popular (trabalinguas) á culta (Enma Luaces, Beatriz Quintela, Calros Solla, Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa, Rosalía de Castro, Antón Reixa, Jacques Prévert, Miguel Hernández...), pasando pola música actual

(escoitamos o fantástico tema *Lembre de Narf*, canción monovocálica con “e”). Entre as actividades propostas figura un texto colectivo a partir dun comezo anafórico (*Deslízase a chuvia...*), a realización dun pequeno texto monovocálico e, seguindo o ronsel de Estíbaliz Espinosa, a elaboración dunha enumeración poética do tipo “listado de cousas que...” Os resultados están marcados en moitas ocasións pola vontade provocadora dalgúns alumnos/as (adoitan escoller temas como o sexo, as drogas, a escatoloxía...) e en moitas outras polo universo propio da adolescencia (reitéranse temas como o amor, as amizades, os deportes...).

3. Historias fantásticas. Convite á narración da man de Gianni Rodari.

Tomamos agora o camiño da narración, do conto fantástico. Para iso, deixámonos levar polo mestre Gianni Rodari e pola súa *Gramática da Fantasía*. Para abrir aboca, citamos as súas sabias palabras:

Todos os usos da palabra para todos (...) Non para que todos sexan artistas, senón para que ningún sexa escravo.

De entre os exercicios que nos propón o escritor italiano escollemos cinco con grandes posibilidades lúdicas e creativas:

- Que pasaría se...? As hipóteses fantásticas. Logo dunha breve explicación, os/as alumnos/as escollen cadansúa hipótese fantástica (gardadas na “caixa fantástica”) e fan un breve conto, tendo en conta a opción elixida. Que pasaría se un home espertase transformado nun escaravello inmundo? A esta pregunta respondeu Franz Kafka no seu relato *A metamorfose* (ofrecemos a fotocopia da primeira parte deste relato, na súa tradución ao galego). A das hipóteses fantásticas é unha técnica moi simple. A súa forma é a da pregunta “Que pasaría se...?” Para formular a pregunta, escóllense ao chou un suxeito e un predicado. A súa unión producirá a hipótese sobre a que traballar. Vexamos algúns resultados que non desmerecen os do propio Kafka:

HISTORIA 1:

Xa eran as dez e media da mañá. Ía moita calor no cuarto. Cando espertei pensei que sería un día máis na miña monótona vida. Non me imaxinaba que todo cambiaría. Tardei un pouco en espertar e levantarme; cando o fixen, saín ao corredor da casa para ver se había alguén. O único que atopei foi unha nota na cociña onde miña nai me dicía que marcharan e que volverían ás dúas.

Cando xa estaba case esperta, pinchei un pé. Mirei para abaixo e decateime dunha cousa na cal non reparara ata aquel

momento: tiña unhas ás nos pés. Primeiro, asusteime, pensei que todo era unha brincadeira do meu curmán... Pero non, aquelas ás cambiaron todo. Ese día non saín do meu cuarto, sabía que se a miña familia as chegaba a ver, íase preocupar moito e non quería que acontecesse tal cousa.

O día seguinte foi aínda peor: saíronme dúas ás nas costas e saín voando polo balcón. Ese mesmo día decidín non contarllo a ninguén. E sigo sen contalo.

[o relato responde á pregunta: que pasaría se, ao erguerse, descubrises que che saíron ás nos pés?]

HISTORIA 2:

Unha mañá de verán, cando todo o mundo estaba a descansar nas súas casas, algo moi estraño estaba a punto de suceder. A primeira hora, comezaron a abrir os bancos, comercios e demais tendas; pero, para sorpresa de todo o mundo, nin nas caixas fortes, nin nos caixeiros, había un só céntimo.

Os primeiros reporteiros chegaron aos lugares afectados, pensando que aquilo tan estraño só sucedera en tres ou catro sitios. Pero a medida que avanzaba o día, chegaban a comisaría centos de demandas, todas elas coas mesmas reclamacións: o diñeiro desapareceu!

Na cidade todo era un caos: xente correndo dun lado a outro sen rumbo, perdidos pola confusión. Ninguén sabía que facer.

Pola noite, todos os noticiarios mostraron a mesma nova: no mundo non hai diñeiro! Durante varios meses, a xente estivo pechada nas súas casas pero, a medida que pasou o tempo, todos comezaron a compartir as súas cousas, como se facía antes, moito antes... Uns cambiaban peixe por auga, carne por ovos e moitas máis cousas.

Quizais isto aconteceu para darnos aos humanos unha lección moi importante: debemos compartir uns cos outros o que temos.

[o relato responde á pregunta: que pasaría se en todo o mundo, dunha parte á outra, desaparecese o diñeiro?]

HISTORIA 3:

Ah! Que pasa? pensei. Pechei os ollos. Volvinos abrir. Estirei os brazos... Sempre o mesmo. Comecei a gritar... Morrín en quince minutos.

[o relato responde á pregunta: que pasaría se, ao espertar, descubrises que estás dentro dun cadaleito?]

- O prefixo arbitrario. Tras a introdución e mostrario de exemplos, cómpre escoller un prefixo ao chou (do sobre onde se gardan) e xuntalo a un substantivo e, deste xeito, crear un obxecto fantástico cuxas propiedades e utilidades deben ser expostas ante todos/as. Os resultados poden ser sorprendentes ou xocosos sen máis; pero ás veces poden dar lugar ao desenvolvemento de toda unha historia a partir deste primeiro exercicio creativo. Algunhas das unións que saíron das cabeciñas do grupo foron:

Pseudomesa: é unha mesa que existe só ante a nosa visión. Como realmente non existe, cando pousamos as cousas nela, caen ao chan (algo así coma unha mesa fantasma?).

Antilabazadas: pois é nin máis nin menos ca un obxecto que detecta as intencións de alguén que che pretende dar unha labazada (ou varias). O *antilabazadas* proporciona unha descarga eléctrica ao agresor e consegue que este retroceda inmediatamente.

Rabicoche: trátase dun coche especial que serve para internarse en terreos con moita vexetación, pois agárrase ás árbores (co seu rabo, loxicamente).

Protoluva: curiosamente, a luva máis antiga do mundo, empregada desde tempos remotos, consérvase case perfecta (aínda que non sabemos onde).

Hidropablo: é un novo tipo de superheroe, unha persoa co poder de converterse en auga para defenderse ou loitar.

- O xornal séntame mal. Trátase dun vello xogo que consiste en recortar os titulares dos xornais e mesturalos entre eles para obter noticias de sucesos absurdos, sensacionalistas ou simplemente divertidos. Cun xornal e un par de tesoiras pódense compoñer poemas enteiros, faltos quizais de sentido, pero non de fascinación. Os extravagantes acontecementos producidos pola operación descrita poden dar lugar a efectos cómicos sen transcendencia ou a apuntamentos para desenvolver unha auténtica narración.
- A trama fantástica. É este outro xogo difundido por todo o mundo. Está baseado en papeletas de preguntas e respostas. Pártese dunha serie de preguntas que configuran sucesos en serie, ou sexa, unha narración. Lense as respostas como se fose un conto. Pode resultar unha redacción absurda ou poden poñerse en columna, como embrión dunha historia máis elaborada. Velaquí unha das tramas que fixemos no noso obradoiro:

Era un rei chamado Alfredo IX que ía no autobús de Tecnoloxía. Estaba xogando ao fútbol e viu a Moncho correndo detrás dun rato que lle roubara a carteira; pero dixo que ía facer os deberes e estudar. A xente non dixo nada, só cantou unha canción: “A cabritinha” (*eu gosto de mamar dos peitos da cabritinha!!*). Ao final, morreu (o que non é de estrañar despois de escoitar o temiña en cuestión).

- Meter as cartas no conto. O xogo consiste en inventar unha narración colectiva. O estímulo parte dunha baralla de imaxes preparada con anterioridade (tantas imaxes coma participantes). Neste caso escolléronse imaxes dun libro fabuloso editado por Media Vaca: *Mis primeras 80.000 palabras*. A lectura de cada “carta” enlaza coa anterior por libre asociación de ideas ou, en todo caso, mediante un xogo de fantasía.

4. Pequenas historias. Convite á narración da man de Agustín Fernández Paz.

Ás veces para narrar de xeito diferente non hai que facer grandes alardes, nin rebuscar no fondo máis fondo da gabela do estraño. Baixo esta premisa, experimentamos algúns xeitos de narrar ben sinxelos pero cuxos felices resultados son doados de comprobar. Agustín Fernández Paz, un dos principais autores galegos contemporáneos dentro do campo da narrativa xuvenil, sabe algo diso. Ensaíamos algunhas das súas propostas:

- Como me ven? Ás veces, no canto de facer unha descrición de nós mesmos (ou doutra persoa) seguindo as pautas tradicionais, podemos recorrer a facela mediante un recurso diferente: imaxinando o que outras persoas do noso contorno opinan de nós. Como mostra, presentamos un texto tirado do libro *Amor dos quince anos, Marilyn* de Agustín Fernández Paz.
- Lémbrome... Técnica moi sinxela adoptada no libro *Contos por palabras* que nos dá pé á creación dun texto colectivo. Quen non é capaz de lembrar algo interesante, estraño, gracioso ou agradábel? E nós puxémonos a lembrar colectivamente...

Lémbrome de cando o meu can xogaba sen parar comigo nos veráns, e víñame recibir cando viña da escola...

Lémbrome do meu primeiro aniversario, cando os meus pais me dicían que tiña que apagar as candeas e eu non sabía se facelo...

Lémbrome daquelas tardes de verán, cando ía á praia coas miñas amigas, e pasabámolo moi ben. E tamén lembro un día na praia que estabamos na *pedaleta* e caín dela e enganchei o traxe de baño, que case rompe...

Lembro aquel verán cos meus amigos cando, despois de estar toda a tarde xogando, quedamos a durmir na praia e fixemos unha fogueira. Esa noite foi a mellor...

Lémbrome daquel campionato de natación cando, ao saír da piscina, deixei nela o traxe de baño (que vergoña!!!)...

Lémbrome da marea negra de 2003, unha desgraza para Galiza...

Lémbrome de cando o Real Madrid gañou o seu último título...
Ai, non! Xa non me lembro!

- Que pasaría antes? / Que pasaría despois? Imaxinar o comezo ou o final dunha historia da que só coñecemos unha parte é tamén un bo exercicio para estimular a imaxinación e para comprobar que diferentes somos como suxeitos creativos. As historias resultantes cambian radicalmente a pesar de compartir o mesmo inicio ou o mesmo fin.

5. Outras formas de crear, outras formas de contar. Obxectos poéticos, imaxes que falan.

Para rematar, volvemos sobre a poesía. A “outra” poesía, a poesía experimental, aínda pouco coñecida. Os límites da poesía hai tempo que se están a esvaer. A poesía fúndese coa imaxe, cos obxectos, coas artes plásticas, coas artes gráficas, coa creación dixital... Abrimos o noso particular “cofre do tesouro” (ou “caixa de Pandora”, segundo se mire) para despregar ante a ollada sorprendida do alumnado todo un mundo de poemas visuais, poemas-obxecto e poemas presentados en soportes pouco comúns (abano, paquete de tabaco, caixa de mistos...). Ante nós o fantástico mundo de Joan Brossa, J.M. Calleja e boa parte da poesía visual catalá, os obxectos poéticos de Fránclyn Fernández, o paquete de cigarros (cada cigarro un poema) das Redes Escarlata, etc., etc.

A antiga tradición da poesía visual compróbase presentando os caligramas do poeta grego Simmias de Rodas (300 a C), que se complementan e comparan cos de Apollinaire, de Manuel Antonio e do Colectivo Ronseltz.

Un dos nosos últimos exercicios foi a creación dun centón. O centón (do grego *kentron*) é unha obra literaria composta utilizando versos ou fragmentos tirados de obras de un ou varios autores. Ten finalidade paródica ou de homenaxe ao autor sobre o que se basean. Ás veces, na literatura, non

está moi clara a diferenza entre a homenaxe literaria (ou o xogo intertextual) e o plaxio. Mentres reflexionamos sobre esta cuestión e, botando man de dezaioito poemas de diversos poetas galegos, fixemos un centón colectivo que quedou como segue:

**Haberemos de ducharnos apagados:
 é magma incandescente, leite por fóra,
 a arte é unha cacería na garganta,
 desexo e sentido,
 fermosa coma unha lúa de pan ou a escaleira.
 Todos os veráns,
 se foses un melón fresco,
 imaxino que soño é, cando esperto,
 caídas, figos
 baixo o melancólico licor
 (e comerlles os ollos)
 facendo cousas entre os libros
 (as olivinas da nosa víscera).
 A tombos, ámote,
 amor é un misterio no que hai que ter fe,
 e roíámonos, un ó outro,
 (da metade do corpo, médranme mazás)
 e teño que abrir caixas de Pandora.**

(Con versos de Fran Alonso, Emma Couceiro, Marta Dacosta, Xosé Antón L. Dobao, Modesto Fraga, Frank Meyer, Xosé Miranda, Lucía Novas, Xulio L. Valcárcel, Luísa Castro, Lucía Aldao, Asun Arias, Rosa Méndez Fonte, Isolda Santiago, Xandra Tedín, Rexina Vega e Alba Vidal Fernández).

Finalmente, e para rematar, distribuímos entre o alumnado algunha información útil para todos/as aqueles/as que sintan a *picadura* da literatura: unha selección de enlaces web (webs de literatura, páxinas persoais de escritores/as, blogs de escritores/as...) e unha selección de certames literarios de interese para a xente nova (CERTAME LITERARIO CONCELLO DE AMES, CERTAME LITERARIO DE CAMBRE, PREMIO DE POESÍA AVELINA VALLADARES, PREMIO FUNDACIÓN CAIXA GALICIA DE LITERATURA XUVENIL, PREMIO MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL, CONCURSO LITERARIO ÁNHEL CASAL, CERTAME DE POESÍA FRANCISCO AÑÓN, CERTAME HIPERCURTOS CONTOS, PREMIOS INJUVE PARA A CREACIÓN NOVA, CONCURSO DE CONTOS PARA A MOCIDADE DA CASA DA XUVENTUDE DE OURENSE, etc.)